



Resolución do 2 de novembro de 2016, da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, pola que se declaran adxudicadas, con carácter definitivo, as prazas ofertadas no proceso de mobilidade interna no ámbito do CHUAC convocado por Resolución de 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61, do 31 de marzo de 2016), para as categorías de xestión e servizos e sanitario de formación profesional.

Tras o remate dos actos de elección de prazas nas distintas categorías profesionais, correspondentes a persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional, convocadas no proceso de mobilidade interna por Resolución de 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61, do 31 de marzo), resultaron adxudicatarios os profesionais relacionados no Anexo I desta Resolución.

Esta Xerencia de Xestión Integrada da Coruña é competente para coñecer e resolver o presente proceso, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 168/2010 do 7 de outubro (DOG nº 199, do 15 de outubro), polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, polo que, con base no que antecede

RESOLVE:

Primeiro.- Proceder a declarar adxudicadas as prazas relacionadas no Anexo I.

Segundo.- De acordo co establecido nas vixentes bases da convocatoria de mobilidade interna no ámbito do CHUAC, a data de efectos da adxudicación das prazas será a da presente Resolución.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor RECURSO DE ALZADA ante a Dirección Xeral de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde no prazo DUN MES a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 2 de novembro de 2016



SERVIZO GALEGO de SAÚDE
Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña
XERENCIA

O DIRECTOR XERENTE

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga

Xerencia de Xestión Integrada